



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA PARA A ADECUACIÓN E MODERNIZACIÓN DO SISTEMA INFORMÁTICO DA CENTRAL AGROPECUARIA DE GALICIA

En Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, actuando en nome e representación da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, na súa calidade de conselleira do Medio Rural, en virtude do Decreto 127/2015, do 4 de outubro (DOG nº 190, do 05/10/15) e das facultades que lle atribúe o artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, con DNI, actuando en nome e representación da Fundación Semana Verde de Galicia, na súa condición de Presidente.

Cada un intervéñen en función do seu cargo, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas, recoñecéndose mutua e respectiva competencia e capacidade suficiente para formalizar este Convenio de colaboración.

EXPOÑEN

Primeiro. Segundo o establecido no artigo 30.1.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva, de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria do Estado, en materia de agricultura e gandería.

Segundo. Entre outras funcións, a Consellería do Medio Rural é competente para o fomento e mellora da produción agrogandeira e no desenvolvemento de medidas de apoio ao sector lácteo e gandeiro de Galicia.



A conselleira do Medio Rural asinará este convenio en aplicación do artigo 7 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Terceiro. A Fundación Semana Verde de Galicia é unha institución sen fin de lucro, creada no 1991 e declarada de interese galego. A Fundación ten entre os seus fins:

1. Contribuír ao desenvolvemento do sector agrario galego, a través de actividades feirais e de mercados agropecuarios.
2. Promover a cooperación público -privada no desenvolvemento de actividades feirais e promocionais no campo agrario, alimentario, industrial e comercial co obxecto de impulsar o avance continuo dos devanditos sectores.
3. Reforzar a posición estratéxica de Galicia como plataforma feiral para o desenvolvemento de grandes eventos sectoriais de ámbito estatal e internacional.
4. O impulso e promoción do Recinto Feiral de Galicia en Silleda como un enclave estratéxico para o desenvolvemento socioeconómico de Galicia e, en particular, como infraestrutura de promoción e exposición comercial.

Un dos seus sinais de identidade é o apoio ao sector agrogandeiro, e en consonancia cos obxectivos citados, a Fundación é impulsora da organización e celebración das poxas de gando que semanalmente se celebran no eido da Central Agropecuaria de Galicia.

A Central Agropecuaria de Galicia nace en Abril de 1981 coma un servizo innovador de compra -venta de gando, que garante a transparencia nas transaccións e o cobro inmediato e seguro, xestionado directamente pola Fundación como entidade intermediaria. Ten como obxectivo dar saída aos produtos gandeiros facilitando os encontros entre oferta e demanda e adaptando o sector aos novos rumbos dos mercados. Esta central é agora mesmo a única poxa de gando informatizada de España con un modelo de comercialización baseado nun sistema de poxa pública con xestión informatizada que exclúe a presenza de intermediarios o que redunda nunha maior eficacia, transparencia e legalidade para todos os implicados.

Cuarto. A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, prevé a concesión directa de subvencións cando se acrediten razóns de interese público, social ou económico. No mesmo senso se expresa o artigo 36.c, do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei. Por outra parte, o artigo 40.1 do mesmo decreto posibilita a concesión de



subvencións directas mediante convenio, nos casos en que se acredite interese público, social ou económico.

Quinto. A Central Agropecuaria de Galicia é xestionada directamente pola Fundación como entidade intermediaria. No seu inicio consistía nun mercado comarcal que foi crescendo ata convertese nun mercado nacional, tanto polo volume como pola procedencia das súas reses. Actualmente a Fundación Semana Verde de Galicia é membro da Asociación Española de Mercados de Ganado, que aglutina os principais mercados de gando, e que forma parte da Asociación Europea de Mercados de Bovino, con sede en Bruxelas, no que se integran 356 mercados de Bélxica, Dinamarca, España, Francia, Irlanda, Holanda, Escocia, Reino Unido e Irlanda do Norte.

Os mercados de gando son de suma importancia na economía local e para o caso que nos ocupa, na economía da comunidade autónoma, ao ser o punto de venda das ganderías galegas onde se comercian e expoñen os mellores exemplares da comunidade. A venda en mercado aberto é un sistema tradicional no sector gandeiro e no sistema agroalimentario, pero que mantén unha gran importancia na actualidade.

O proceso de poxa empregado aporta grandes vantaxes para os gandeiros e profesionais do sector, actúen como compradores ou coma vendedores. No caso do vendedor, ten garantida unha total transparencia na determinación do prezo xusto de poxa, maximizando os resultados da súa venda, e garantido o cobro inmediato. No caso do comprador, as principais vantaxes radican na concentración de oferta que facilita a compra de volumes altos, economiza o transporte e a calidade dos animais. Así mesmo, o sistema tamén supón outros beneficios globais como a claridade sanitaria dos animais e a transparencia fiscal das operacións económicas. Todos estes aspectos teñen unha influencia favorable no sector agrogandeiro, e os beneficiarios últimos deste sistema son os gandeiros galegos.

A Consellería do Medio Rural e a Fundación Semana Verde xa veñen colaborando dende fai anos no desenvolvemento da Central Agropecuaria de Galicia. Así mesmo, o programa informático empregado está adaptándose continuamente á filosofía de funcionamento dos sistemas de identificación e rexistro de movementos de gando do Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente, co cal se garante a trazabilidade de tódolos animais que transcorran por este mercado de gando, informando aos servizos veterinarios da Consellería da procedencia e destino dos animais poxados.

Para facerse unha idea da magnitude e importancia da Central Agropecuaria cabe indicar que semanalmente as poxas ocupan dous Pavillóns do Recinto da Fundación Semana Verde de



Galicia, cunha superficie cuberta de 8.000 m², acondicionados para albergar estabulados a 1.300 tenreiros de recría e 800 reses maiores. A estas poxas concorren semanalmente 80 operadores comerciais e máis de 12 matadoiros industriais procedentes de toda España, acadando un volume anual de transaccións de 17 millóns de euros por operacións de compra - venda de 43.500 animais. Así mesmo, para poder prestar este servizo público a Fundación destina cada semana a este cometido máis de trinta traballadores, en tarefas administrativas, de identificación e manexo de gando e control sanitario.

Todo o sistema de poxas está apoiado nun sistema informático integral que conta con grandes requirimentos tecnolóxicos. Actualmente o sistema require unha actualización de programas e equipos que integren todo o proceso para mellorar a seguridade e transparencia da información sobre as poxas, acurtar os tempos das mesmas reducindo as necesidades de persoal e poder adaptarse aos requirimentos documentais e administrativos derivados do cumprimento das normas de sanidade e benestar animal. Estas actuacións fortalecerían o liderado da Central Agropecuaria de Galicia en todo o territorio nacional, ao tratarse do único mercado de gando con sistemas de puxas informatizadas, o que a súa vez influiría directa e indirectamente na modernización e innovación do sector primario, transformación e comercialización das producións agrícolas, e todo isto mantendo o seu carácter de servizo público.

As actuacións do convenio correspóndense directamente cos intereses, fins e actividades da Fundación xa que estas se desenvolven fundamentalmente como actividades dirixidas ao sector agrogandeiro galego, estatal e internacional e contribúen de forma directa ao impulso do Recinto Feiral de Galicia.

O desenvolvemento das actuacións só é posible coa participación da Fundación Semana Verde, como organizadora e coordinadora da Central Agropecuaria de Galicia. Nestas condicións o procedemento ordinario de concorrencia competitiva na concesión de subvencións resulta improcedente, por canto a entidade destinataria resulta imprescindible para a xestión do programa. A importancia da Central Agropecuaria tanto polo número de animais poxados, procedentes de diversas comunidades autónomas como polo seu volume de transaccións económicas fundamentan as razóns de interese económico e indirectamente público e social para o sector agropecuario.

Os obxectivos que se acadarán serán compartidos coas competencias da Consellería do Medio Rural, en tanto que inciden directamente sobre o funcionamento do sector gandeiro.

Polo tanto, asumindo que as actuacións amparadas polo presente convenio, reúnen as condicións aludidas na lei e o regulamento de subvencións, enténdese a procedencia da sinatura



dun Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Fundación Semana Verde para a adecuación e modernización do sistema informático da Central Agropecuaria de Galicia

Sexto. En virtude do anterior, e acreditado que a Fundación Semana Verde de Galicia cumpre cos requisitos establecidos para obter a condición de beneficiaria, segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ámbalas dúas partes acordan asinar o presente convenio de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto deste convenio é establecer as condicións de colaboración entre a consellería do Medio Rural e a Fundación Semana Verde de Galicia para levar a cabo a adecuación e modernización do sistema informático da Central Agropecuaria de Galicia.

A finalidade do convenio axústase aos fins e obxectivos da Fundación Semana Verde de Galicia, obxectivos compartidos coa consellería do Medio Rural como se recolle no expoñendo quinto.

SEGUNDA. Obrigas da Fundación Semana Verde

A Fundación Semana Verde comprométese a levar a cabo a adecuación e modernización do sistema informático da Central Agropecuaria de Galicia, o que comprende as seguintes actuacións:

1. A renovación dos actuais equipos informáticos, incluíndo a súa instalación e posta en marcha no Recinto Feiral da Fundación Semana Verde de Galicia
2. A actualización e modernización do sistema informático, actualizando o programa Logic Control a súa versión moderna vixente Sage Murano, de xeito que o sistema conte coas seguintes características técnicas:
 - Base de datos SQL Server™ de Microsoft.
 - Plataforma tecnolóxica propia.
 - Estrito control de accesos e máxima seguridade nos datos.



- Conexión de usuarios remotos vía Internet mediante Terminal Services.
- Deseño por módulos que permite adaptarse as necesidades cambiantes da Fundación.
- Aplicación personalizable en función das necesidades operativas.
- Base de datos relacional.
- Alta dispoñibilidade e baixos requirimentos administrativos.
- Tamaño de base de datos e número de rexistros ilimitado.
- Garantía de integridade e trazabilidade da información.

Esta actualización consistirá na instalación, migración de datos no Recinto Feiral da Fundación Semana Verde de Galicia así como a formación dos usuarios nas novas especificacións.

3. Adecuación e actualización do módulo específico co que se realizan as poxas de gando, que recollen a información que logo se traslada directamente aos programas de xestión, administración, contabilizade e tributaria de Sage Murano. Esta actualización suporía a reprogramación do sistema en base de datos Microsoft SQL e Entorno .Net.

4. Adicionalmente, tamén se levarán a cabo actuacións e se adquirirán investimentos que permitan a modernización do actual proceso de poxa de gando.

TERCEIRA. Gastos financiáveis

A Consellería do Medio Rural non participa nas actividades nin dos resultados do presente convenio e financiará as actuacións do mesmo, realizadas a partir da data de sinatura do convenio.

Achégase, no anexo ao texto do convenio, o cadro orzamentario cos importes dos investimentos e actuacións necesarias.

A Fundación Semana Verde poderá contratar con terceiros a execución das actuacións do convenio ata un 100%, para elo, estará sometida ás obrigas establecidas nos apartados 3 e 4 do artigo 27 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. Ademais, estará sometida ao recollido no Real Decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público:

1. Deste xeito, en todos os casos se esixirá, calquera que sexa a contía do gasto, a solicitude dun mínimo de tres ofertas a distintos provedores, con carácter previo á prestación do servizo ou



á entrega do ben, agás que polas especiais características da actuación non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren. A escolla entre as ofertas, realizarase conforme criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

2. As ofertas detallarán con claridade os conceptos incluídos na proposta, económica e tecnicamente.

3. Ademais, de acordo co artigo 23.2 da Lei 14/2013, de racionalización do sector público, as empresas invitadas nos procedementos de contratación non poderán estar vinculadas entre elas. Esta vinculación apreciarase nos termos establecidos na lexislación de contratos do sector público. Ás empresas invitadas a presentar ofertas esixiráselles sempre unha declaración das empresas coas que teñan vinculación, nos termos establecidos no apartado anterior. No expediente deberá deixarse constancia das invitacións cursadas, das ofertas recibidas e das razóns para a súa aceptación ou rexeitamento.

Non obstante o anterior, con independencia do gasto subvencionable, en todos os gastos se contemplará igualmente un sistema de avaliación dos custos que permita á administración comprobar o valor de mercado dos gastos subvencionables, mediante a comparación de tres ofertas.

O Imposto sobre o valor engadido non se considera subvencionable.

CUARTA. Xustificación

A data límite de xustificación e presentación de gastos e pagamentos será o 1 de decembro:

Con cada xustificación o beneficiario debe achegar:

1. Un escrito de remisión asinado polo representante legal ou persoa na que teña delegada a representación da entidade.
2. Unha certificación, expedida polo representante legal ou persoa na que teña delegada a representación da entidade, coa relación dos gastos e facturas.
3. Os xustificantes orixinais de gasto.
4. Transferencia bancaria dos pagos.



5. Unha memoria explicativa, asinada polo secretario ou director da entidade, sobre a realización das actividades auxiliadas que probe a prestación efectiva dos servizos e permita xulgar a subvencionabilidade dos gastos.

6. Unha relación informatizada dos gastos e facturas cos seguintes campos: concepto, proveedor, número de factura, data de emisión e data de pagamento, base imponible, importe correspondente ao IVE e importe total con IVE.

7. Unha declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes, ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como doutros ingresos ou recursos que financien o proxecto.

7. Unha memoria de moderación de custos segundo os criterios establecidos na cláusula terceira. Nesta farase referencia aos orzamentos solicitados identificando as entidades consultadas, a data da oferta e importe da mesma. No caso en que a oferta elixida non sexa a mais vantaxosa economicamente, a memoria incluírá as motivacións de tal elección.

A consellería resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coas actividades realizadas no marco do convenio.

Os gastos ou investimentos realizados deberán acreditarse mediante a presentación dos xustificantes orixinais do gasto e as xustificacións bancarias que acrediten o seu pago efectivo. As facturas presentaranse en orixinal, e marcaranse cun selo indicando nel a actuación para cuxa xustificación foron presentadas e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente ao convenio indicando, neste último caso, a porcentaxe que resulte afectada polo mesmo.

Toda a documentación incluída na xustificación presentarase tamén en formato dixital '.pdf'

QUINTA. Relacións laborais

A subscripción do convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais e os empregados da Fundación Semana Verde que desenvolvan as actividades programadas e a Xunta de Galicia.

SEXTA. Plan de controis

A execución das actividades realizadas pola Fundación Semana Verde, obxecto do convenio, está suxeita a un plan de controis que inclúe:



1. Un control administrativo sobre todos os elementos de validación que sexa posible controlar por vía administrativa. Os procedementos empregados permitirán rexistrar os controis, os resultados das comprobacións e as medidas adoptadas en caso de discrepancias.
2. Un control sobre o terreo dos investimentos e actuacións.
3. Un control a posteriori dos investimentos realizados .

A Fundación Semana Verde comprométese a colaborar na execución dos controis nos termos que se precisen. Igualmente, acepta someterse aos controis que legalmente procedan a cargo da Intervención Xeral da Xunta de Galicia e do Consello de Contas.

Así mesmo o beneficiario ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

SÉTIMA. Incompatibilidade

A percepción dunha achega en base a este convenio é incompatible con calquera outro que proveña doutras administracións ou entes públicos para a mesma finalidade. Deberá garantirse a non existencia de dobre financiamento para a mesma actuación.

OITAVA. Retirada parcial ou total e obriga de reintegro.

A entidade perceptora dos fondos, comprométese a cumprir as obrigas que como beneficiaria dunha subvención sinala o artigo 11 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

A entidade ten a obriga de reintegrar, total ou parcialmente, a achega percibida xunto cos xuros de demora que correspondan, nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

NOVENA. Resolución

Son causas de resolución do presente convenio: o incumprimento total ou parcial dalgunhas das súas cláusulas, o transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas, e as modificacións das directrices de desenvolvemento sen contar coa previa autorización escrita da Consellería do Medio Rural.

DÉCIMA. Autorizacións

A Fundación Semana Verde autoriza á Consellería do Medio Rural, á obtención de forma directa da acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da



Administración Tributaria, coa Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia e coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a través de certificados telemáticos.

Así mesmo, presta o seu consentimento á Consellería do Medio Rural para incluír os datos relevantes referidos ao convenio, regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, así como para publicalos no rexistro público de convenios da consellería competente en materia de administracións públicas, de acordo co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA. Natureza

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polas súas propias cláusulas. En todo o non sinalado estarase ao previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei.

A xurisdición contencioso - administrativa será a competente para entender os litixios que puideran xurdir.

DÉCIMO SEGUNDA. Vixencia do convenio e financiamento

O presente convenio, que producirá efectos dende a data de sinatura do convenio ata o 31 de decembro do 2016, contará coa seguinte dotación orzamentaria:

- 60.000 € para o ano 2016

O Imposto sobre o valor engadido, non é financiable.

Os pagos efectuaranse con cargo á aplicación orzamentaria 13.01.711A.743.01 do código de proxecto 2015 00614.

E en proba de conformidade, asinan por triplicado o presente Convenio de Colaboración no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Consellería do Medio Rural
A conselleira

Pola Fundación Semana Verde
O presidente



CADRO DE PREVISIÓN DE ACTUACIÓNS E CUSTOS ANUAIS

Os importes reflectidos no cadro corresponden a cálculos de custos estimados que poderán ser obxecto de variacións no momento da xustificación das actuacións, en función das actividades desenvolvidas e os investimentos adquiridos.

	ACTUACIÓNS E INVESTIMENTOS	IMPORTE
--	----------------------------	---------



RENOVACIÓN EQUIPOS INFORMÁTICOS	- 15 ordenadores portátiles, con procesador i5, Win 10 64 bits, 4 GB de RAM, 500 GB de unidade híbrida, con gravadora de DVD, pantalla de 15.6" e tarxeta gráfica HD Graphics 5500.	6.900 €
	- 1 equipo de sobremesa, con procesador i5, Windows 10 64 bits, 8 GB de RAM, disco HDD 500 GB, DVD Supermulti e tarxeta gráfica GF GT 730 – 2 GB DDR3 – Pcle 2.0x16 – DVI, D – Sub, HDMI.	600 €
	- 2 Microsoft Office Home and Business 2016.	500 €
	- 1 servidor IBM con dobre procesador Intel Xeon E5-2620V3 / 2.4 GHz (3.2 GHz) (6 núcleos), Intel Turbo Boost Technology 2, Memoria RAM: 32 GB DDR4 SDRAM - ECC - 1866 MHz, 8 Discos duros 600GB 15K 6Gbps SAS 2.5in G3HS HDD (capacidade neta tras configuración en RAID 5 1.8 tb aprox), ServeRAID M5200 Series 1GB Flash/RAID 5 Upgrade for IBM Systems, Fonte de alimentación Redundante conectable en quente 550 vatios, Gravadora de DVD, Ethernet, Fast Ethernet ,Gigabit Ethernet 4 port.	8.000 €
	- 2 Microsoft Windows Server 2012 R2 Standard ROK (2CPU/2VMs) – MultiLang.	1.400 €
	- 2 Microsoft Windows Server CAL 2012 (10 User) – MultiLang.	600 €
	- 1 Cisco Small Business Smart SG200-50 - Conmutador - Xestionado - 48 x 10/100/1000 + 2 x Gigabit SFP combinado - sobremesa, montaxe en rack.	600 €
	- 1 Riello UPS Sentinel Dual SDH 2200 - UPS - CA 220/230/240 V - 1.98 kW - 2200 VA - RS-232, USB - conectores de saída: 9 - 2U - 19" – negro.	1.000 €
	- 1 equipo para copias de seguridade Synology Disk Station DS215+ - Servidor NAS - SATA 6Gb/s / eSATA - RAID 0, 1, JBOD - Gigabit Ethernet - iSCSI + 2 X WD, Red WD10EFRX - Disco duro - 1 TB - interno - 3.5" - SATA 6Gb/s - búfer: 64 MB - para My Cloud EX2; EX4.	500 €
	- 1 Uranium Backup Base.	100 €
	- Servizo de instalación en oficina	1.500 €



ACTUALIZACIÓN PROGRAMA INFORMÁTICO	A actualización do programa informático a Sage Murano suporía:	
	- Prog. Plataforma Murano ERP Extra con Xestor de Importacións/Exportacións e XML	800 €
		1.100 €
	- Prog. Kit desenrolo Murano ERP Extra	2.850 €
	- Prog. Contabilidade Murano ERP Extra	1.500 €
	- Prog. Carteira Murano ERP	350 €
	- Prog. Analítica Murano ERP	2.500 €
	- Prog. Xestión Murano ERP Extra	1.200 €
	- Prog. Nómina 150 Murano	600 €
	- Cuota Mensual Impresos Ofic. TC Murano ERP	550 €
	- Cuota Mensual Depósito de ctas. Murano ERP	1.400 €
	- 7 Lic. Servidor SQL Server 2014 Estándar	3.200 €
	- Instalación, migración e formación	9.750 €
	- Desenrolos a medida e enlace con bases de datos externas	
REPROGRAMACIÓN	Reprogramación do sistema en base de datos Microsoft SQL e Entorno .Net.	30.000 €